





Reclamante:   
Expediente. Nº **RSCTG 0077/2017**

Correo electrónico: 


**ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

En resposta á reclamación presentada por , mediante escrito do 7 de agosto de 2017, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.**  presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o día 7 de agosto de 2017, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, por entender desatendida unha solicitude de acceso á información por parte do Concello de Valdoviño.

O interesado indicaba que os días 7 e 23 de xuño presentou no Concello de Valdoviño catro solicitudes nas que pedía:

1º. Informes dos expedientes do ano 2016 de licenzas de obra dependentes do aparelador , con constancia da data de solicitude, data do informe técnico e data de concesión da licenzia. De non emitirse a licenzia solicitaba poder ver os expedientes de licenzas de obras tramitados nese ano.

2º. Solicitude de información das ordes de paralización ditadas polo concello posteriores ao mes de outubro de 2015 na que se faga constar as datas de emisión das ordes de paralización, a data dos informes técnicos emitidos en tales expedientes e o estado actual dos expedientes,

cales finalizaron por conformidade e cales por desconformidade á legalidade urbanística. No caso de non poderse emitir informe se solicita ter vista dos expedientes.

3º. Ter vista dos expedientes de licenzas de obras maiores e menores, sobre a finca con referencia catastral 15088A013001130000HF, a nome de [REDACTED] e [REDACTED]. Neste caso motiva que existe interese determinado pola colindancia das fincas e as irregularidades que puideran existir para iniciar accións legais.

4º. Escrito do 23 de xuño no que solicitou copia dos expedientes de obras 332/75 e 135/2016.

Finalmente, indicábase que o 7 de xullo se dirixira ao alcalde para poñer de manifesto irregularidades e malas prácticas nas que, despois de explicar a situación da tramitación das súas solicitudes e dos feitos dos que traen causa, suplica que se admita o escrito e *“tenga puesto en su conocimiento lo que está ocurriendo en este concello en relación al exponente y su marido por parte de funcionarios que trabajan en el mismo”*.

O escrito ante a Comisión da Transparencia viña acompañado de copia de todos os escritos dirixidos ao concello no mes de xuño e xullo (4 documentos), da licenzas de obras do expediente 332/1975, e a providencia da alcaldía dándolle acceso ao expediente 332/1975 previa satisfacción das taxas administrativas.

**Segundo.** Con data de 4 de setembro de 2017, o reclamante, agora no seu nome propio e no do seu marido do que non achega representación, envía nova documentación a esta Comisión. Nesta indica que respecto ás peticións de 7 de xuño, nas que recababa informes dos expedientes do ano 2016 de licenzas de obra dependentes do aparellador [REDACTED] e á solicitude de información das ordes de paralización ditadas polo concello posteriores ao mes de outubro de 2015 segue existindo silencio administrativo.

Respecto á solicitude dos expedientes nº 332/75 e 135/2016 comunica:

*“En relación con el expediente nº 332/75; se nos notifica por el Concello en fecha 14 de agosto de 2017 la Providencia de fecha 5 de julio de 2017, dictada y firmada por el Alcalde, a la que se hizo mención en nuestro escrito anterior, y que sorprendentemente ha sido modificada y donde el Alcalde resolvía "entregar copia del expediente nº 332/75", ahora se recoge "Se accede a entregar copia de la licencia de obra". Se adjunta la referida providencia de fecha 7 de julio y la licencia de obra la que hace mención, (único documento que se nos entrega del expediente). En la Providencia ni se , ni se fundamenta siquiera, cuales son las razones para negar la copia del resto de documentos existentes en el expediente que se limitan a un proyecto de construcción de una vivienda y los informes técnicos del ayuntamiento; ambos documentos públicos, que no contienen datos especialmente protegidos que justifiquen su ocultación.*

*En relación con el expediente nº 135/2016, se nos notifica en la misma fecha, 14 de agosto de 2017, una Providencia de fecha 12 de julio de 2017 por la que se accede a entregar copia del expediente y, en este caso, sí se nos entrega la copia del referido expediente sin restricción alguna. Se adjunta copia de la referida Providencia.”*

Este escrito remata preguntándose se o concello está amparando ao veciño fronte aos seus lexítimos dereitos.

O escrito está acompañado da providencia da alcaldía do 12 de xullo de 2017 de acceso ao expediente 135/2016 con copia íntegra da dita licenza, e unha providencia de 5 de xullo de 2017 .

**Terceiro.** Con data do 5 de setembro de 2017 déuselle traslado da documentación achegada polo interesado ao Concello de Valdoviño para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Cuarto.** Con data do 10 de outubro de 2017 se recibiu o informe do concello de Valdoviño e o expediente elaborado.

O informe e documentación achegadas, en resumo, indicaban que existía unha petición de 8 de xuño na que o Sr. █████ pedía un informe da policía local no que se faga constar o número de visitas xiradas á vivenda da súa propiedade durante os anos 2015 e 2016 e no que se indicara quen dera a orde de acudir, motivo e o resultado final da visita. Se achegaba o informe da Policía Local que lle fora entregado ao reclamante, con data do 23 de xuño de 2017, no que figuraban as visitas e quen ordenara ou que motivou a visita. En relación aos expedientes das licenzas de obras dependentes de █████ se indicaba que *“Dar resposta a estas solicitudes resulta inviable por ausencia de medios e personal suficiente que poida informar de todos os expedientes de paralización dende outubro de 2015 e licenzas de obra dependentes do arquitecto técnico municipal █████, considerándose a súa vez que █████ non e parte interesada en ningún de estos expedientes en virtud do disposto no artigo 4 da lei 39/2015 de 1 de octubre del Procedimiento Administrativo Común de las administraciones Públicas.”*

En relación á vista dos expedientes de obras nº 332/75 e 135/2016 *“En data 14 de agosto de 2017 █████ recibe copia do expediente N° 135/2016, e na mesma data recibe copia da licenza de obra existente no expediente 332/75, non facilitándose copia do proxecto técnico para vivenda unifamiliar en virtud do disposto no artigo 14.1 j) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso a información pública e bo goberno, onde establécense límites ao dereito ao acceso da información pública”*

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento ven configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, do 9 de decembro e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que adscríbese a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos números 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro. Esta lei 19/2013, do 9 de decembro, sinala que estamos ante unha reclamación con carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa e que se axustará na súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida como “os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións”.

O artigo 12 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, sinala que o solicitante non está obrigada a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

#### **Cuarto. Prazos para interpoñe-lo recurso**

Tal como consta no artigo 20 o prazo para notificar a resolución que conceda ou denegue o acceso será un mes desde a recepción da solicitude polo órgano competente para resolver. Neste expediente constan cinco escritos dirixidos ao concello. Destes escritos solo se poden considerar solicitudes de acceso á información pública as catro de xuño, pois como queda indicado nos antecedentes, no escrito de 7 de xullo o suplica é que a alcaldía teña coñecemento do trato que o reclamante e o seu marido están recibindo no concello.

A reclamación se presenta o 7 de agosto de 2017.

Tal como consta pola documentación achegada polas partes. En relación á petición de 7 de xuño sobre as visitas xiradas á vivenda da súa propiedade durante os anos 2015 e 2016 o reclamante recibe un informe do Concello o 23 de xuño de 2017. O informe recolle 4 visitas, a existencia dunha denuncia, e a existencia de dous informes. Por tanto, o prazo para recorrer rematou o 24 de xullo de 2017.

En relación á petición dos expedientes do ano 2016 das licenzas de obra pendentes do arquitecto técnico municipal [REDACTED]. Consta que existe silencio desestimatorio.

En relación á petición das licenzas de obra identificadas con nº 332/75 e 135/2016 o 20 de xuño se lle deu acceso e, o 23 de xuño, se fai unha nova solicitude, que segundo o expediente ten acceso, tras o pago das correspondentes taxas os días 5 e 12 de xullo e o 14 de agosto respectivamente. Polo tanto, a reclamación está presentada en prazo toda vez que claramente ata o 14 de agosto non se lle achega toda a documentación requirida.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

O análise do expediente vaise centrar nas peticións non resoltas, ou resoltas fora de prazo, é dicir:

1º. Informes dos expedientes do ano 2016 de licenzas de obra dependentes do aparelador [REDACTED], con constancia da data de solicitude, data do informe técnico e data de concesión da licenzia. De non emitirse a licenzia solicitaba poder velos expedientes de licenzias de obras tramitados nese ano.

2º. Solicitude de información das ordenes de paralización ditadas polo concello posteriores ao mes de outubro de 2015 na que fágase constar as datas de emisión das ordenes de paralización, a data dos informes técnicos emitidos en tales expedientes e o estado actual dos expedientes, cales finalizaron por conformidade e cales por desconformidade á legalidade urbanística. No caso de non poderse emitir informe se solicita ter vista dos expedientes.

3º. Ter vista dos expedientes de licenzas de obras maiores e menores, sobre a finca con referencia catastral 15088A013001130000HF, a nome de [REDACTED] e [REDACTED]. Neste caso motiva que existe interese determinado pola colindancia das fincas e as irregularidades que puideran existir para iniciar accións legais.

Unha vez delimitada a petición sobre a que a reclamación está en prazo compre deterse en nos seguintes aspectos:

1º. Corresponde a esta Comisión determinar se eses documentos constitúen información pública ou non. E se, en caso afirmativo, están sometidos a algún dos límites do artigo 14 e 15 , ou a vista do informe se son subsumibles nas causas de inadmisión do artigo 18.1 a) e e) da Lei 19/2015, do 9 de decembro. Análise que se realizará tendo en conta a recente sentenza do TS nº 1547/2017 que consagra a necesidade de interpretar de xeito restritivo os límites e excepcións legais e resolve que “ *En canto á limitación do acceso á información prevista no artigo 14.1.h/ da Lei 19/2013, do 9 de decembro (cando o acceso á información supoña un prexuízo para os intereses económicos e comerciais), xa sinalamos que as limitacións contempladas no artigo 14 da Lei 19/2013, o mesmo que sucede coas causas de inadmisión de solicitudes de información que enumera o artigo 18, deben ser interpretadas de forma estrita e partindo da premisa de que o dereito de acceso á información aparece configurado no noso ordenamento cunha formulación ampla, de xeito que só son aceptables as limitacións que resulten xustificadas e proporcionadas.*

*Claramente o deixa así sinalado o artigo 14.2 da Lei 19/2013 cando dispón “ (...) 2. A aplicación dos límites será xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso” por tanto a posibilidade de limitar o dereito de acceso á información non constitúe unha potestade discrecional da administración.”*

2º. Antes de entrar nesta cuestión por parte do concello se indican uns aspectos que é necesario ter en conta previos ao análise da existencia dunha información pública.

Por unha parte a cuestión do interesado en relación á solicitude de acceso á información pública.

Por último a existencia de secreto profesional ou a propiedade intelectual invocada polo concello para denegar parte da documentación.

- En relación á cuestión do interesado esta comisión xa ten expresado que :

O concepto de interesado en transparencia ten unhas peculiaridades que convén ter en conta. O dereito de acceso á información pública é para todas as persoas (artigo 12 Lei 19/2013, do 9 de decembro). É suficiente coa identidade do solicitante (artigo 17.2 Lei 19/2013, do 9 de decembro), non existe obriga de motivación da solicitude (artigo 17.3 Lei 19/2013, do 9 de decembro), e se se dan os motivos “poderán ser tidos en conta cando se dite a resolución. Non obstante, a ausencia de motivación non será por si soa causa de rexeitamento da solicitude”. En todo caso a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, amplía aínda máis os dereitos do interesado, pois no artigo 24 equipara o interesado coa cidadanía en xeral. O artigo 24 reforza o dereito desta cidadanía e di que no exercicio do seu dereito ao acceso á información pública garantiráselle a posibilidade de utilización da información obtida sen necesidade de autorización previa e sen mais limitacións que as derivadas desta ou doutras leis. Por tanto, da igual que o solicitante de información pública teña ou non relación co expediente do que solicita a información, coa materia da que solicita información, ou o lugar de residencia. O dereito de acceso á información pública non ven determinado polo feito do interese, senón polo feito de que se fai unha solicitude sobre unha materia que non está excluída ou limitada o seu acceso pola normativa vixente, porque a transparencia implanta no ordenamento xurídico o dereito da cidadanía a solicitar dos gobernantes, no sentido mais amplo, calquera información pública que xulgue oportuna, e sobre todo aquela “(...)cuxo coñecemento sexa relevante para garantir a transparencia da súa actividade relacionada co funcionamento e control da actuación pública”, tal como o expresa o artigo 5 da Lei 19/2013, do 9 de decembro.

O informe do concello pretende aplicar a definición e o articulado da Lei 39/2015, do 1 de outubro para considerar que non estamos ante un interesado, e que polo tanto procede denegar a solicitude. O feito de que se pretenda aplicar a definición de interesado da Lei 39/2015, do 1 de outubro aos mesmos. Agora ben, o obxecto da lei de procedemento administrativo común é regular “os requisitos de validez e eficacia dos actos administrativos, o procedemento administrativo común a tódalas Administracións Públicas” (artigo 1) , mentres que o obxecto da Lei 19/2013, do 9 de decembro é “ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública, regular e garantir o dereito de acceso á información relativa a aquela actividade. “. Son dous obxectos diferentes, para os que se establecen dous tipos de interesados diferentes. No primeiro caso é un solicitante ou unha persoa suxeito a un procedemento administrativo común, sancionador ou de responsabilidade patrimonial, no outro é calquera persoa que quere coñecer a actividade da administración pública e así o solicita.

Neste expediente non se considerou necesario recabar o DNI ao marido do reclamante, dado que non consta que el tamén solicitase ante o concello a información de 7 e 23 de xuño de 2017.

- Por último a existencia de secreto profesional ou a propiedade intelectual invocada polo concello para denegar parte da documentación.

Tal como recolle a sentenza do Tribunal Supremo xa citada a aplicación dos límites non pode consistir na mera invocación dese, se non que, será xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso. No caso que nos ocupa o criterio 2/2015 do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno xa indica que:

*“Os límites a que se refire o artigo 14 da LTAIBG, a diferencia dos relativos á protección dos datos de carácter persoal, non se aplican directamente, se non que dacordo coa literalidade do texto do número 1 do mesmo, “poderán” ser aplicados.*

*Deste xeito, os límites non operan nen automaticamente a favor da denegación nen absolutamente en relación aos contidos.*

*A invocación de motivos de interese público para limitar o acceso á información deberá estar ligada coa protección concreta dun interese racional e lexítimo.*

*Neste sentido a súa aplicación non será en ningún caso automática: antes ó contrario deberá analizarse se a estimación da petición de información supoñe un perxuício (test do dano) concreto, definido e avaliábel. Este, ademais non poderá afectar ou ser relevante para un determinado ámbito material, porque do contrario estaríase excluindo un bloque completo de información.*

*Do mesmo xeito, é necesaria unha aplicación xustificada e proporcional atendendo á circunstancia do caso concreto e sempre que non exista un interese que xustifique a publicidade ou o acceso (test do interese público).”*

A documentación que se pretende denegar é o proxecto técnico para vivenda unifamiliar. Por tanto, non pode relacionarse coa existencia dun segredo profesional, podería existir a protección da propiedade intelectual e industrial, pero no expediente o concello non o xustifica, e tería que facerse de acordo co concepto de propiedade intelectual e industrial do noso ordenamento xurídico. Tal como está definido en España coa Propiedade Industrial se obteñen uns dereitos de exclusiva sobre determinadas creacións inmateriais que se protexen como verdadeiros dereitos de propiedade. A propiedade intelectual é o conxunto de dereitos



que corresponden aos autores e a outros titulares (artistas, produtores,...) respecto das obras e prestacións froito da súa creación, por tanto, dentro do propio expediente tería que constar esa protección e sobre que existe a protección concreta.

Unha vez aclarado o concepto de interesado no procedemento de acceso a información pública, e o xeito de aplicar o límite da existencia de secreto profesional ou propiedade intelectual, procede entrar no fondo do asunto.

3º. O reclamante non lle pide uns expedientes ao Concello se non que se lle indiquen os datos relativos as licenzas de obras do ano 2016 con data da solicitude, data do informe técnico e data da concesión da licenzia. Igualmente ordenes de paralización das obras desde o mes de outubro de 2015 que recolla os datos de emisión das ordenes de paralización, data dos informes técnicos emitidos en tales expedientes, estado actual dos expedientes, cales están finalizados con conformidade e cales por desconformidade coa legalidade urbanística. Finalmente se solicitan dúas licenzas de obra e o expediente completo. Di que de ser o caso, se lle dea vista dos documentos para recabar el mesmo os datos.

O concello de Valdoviño, sen indicar o número de expedientes que se atopan nesa situación, o número de funcionarios e persoal responsable dos expedientes, a base de datos ou o arquivo que manexa para o desenvolvemento do seu traballo e o control das licenzas de obras simplemente indica que *“dar resposta a estas solicitudes resulta inviable por ausencia de medios e persoal suficiente que poida informar de todos os expedientes de paralización dende outubro de 2015 e licenzas de obra dependentes do arquitecto técnico municipal [REDACTED]”*. Por tanto, á vista do expediente procede dar resposta ás solicitudes que se refiren a datos dos últimos tres anos, nun concello con 6.650 habitantes (datos 2016) e 88,22 Km<sup>2</sup>.

Por último en aplicación do artigo 22 da Lei 19/2013, do 19 de decembro só queda recordarlle ao concello que o acceso á información será gratuito, non obstante, a expedición de copias ou a transposición da información a un formato diferente ao orixinal poderá lugar á exixencia de exaccións, pois no caso que nos ocupa e a vista das taxas reclamadas ao interesado non queda claro o se se cumpriu este artigo.

Só queda indicar que os datos solicitados se incardinan na definición de información pública que recollen os artigos 13 da Lei 19/2013, do 9 de decembro e 24 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, pois se trata de datos que están en poder da administración elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, e que en cumprimento desta normativa débese dar trámite de audiencia aos titulares do proxecto de técnico de vivenda tal como a norma establece.

En conclusión, a Comisión da Transparencia

## ACORDA

En atención aos anteriores antecedentes, fundamentos xurídicos, procede

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por [REDACTED] con data 07 de agosto de 2017, contra a denegación do concello de Valdoviño nos termos indicados nos considerandos dos fundamentos xurídicos.

**Segundo:** Instar ao Concello de Valdoviño, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, se responda á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da Lei 19/2013, do 9 de decembro no que fai a formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Concello de Valdoviño, a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esa Comisión da Transparencia copia do envío e a recepción da información solicitada polo reclamante.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 20 de decembro de 2017

A presidenta da Comisión da Transparencia

Milagros Otero Parga